



Nin [parque eólico](#) nin [minería extractiva a ceo aberto](#) no Galiñeiro é a proposta que os cinco concelleiros nacionalistas (non adscritos) defenderán no Pleno do Concello de Gondomar na vindeira sesión do 8 de novembro. A defensa do entorno natural da serra a levarán adiante a través de dúas mocións asinadas polo ex alcalde Antonio Araújo quen adiantou nesta xornada a presentación das mesmas.

## **Proposta para fornecer a oposición municipal á instalación do parque eólico.**

Se ben a oposición á instalación do parque eólico na Serra do Galiñeiro xa foi adoptada polas autoridades [municipais en xaneiro de 2011](#), esta límitase ás infraestruturas que afectarían a parroquia de Vincios. Daquela, xa a formación nacionalista solicitara a súa [ampliación do acordo para todo o territorio](#) que ocupa a serra, reivindicada como anexo do Parque Natural do Monte Aloia.

O posta a información pública dos documentos de Estudo ambiental, do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (que quita competencias ás administracións locais) e a pretendida "Declaración de utilidade pública" que gozará o parque (permitindo a expropiación forzosa dos terreos), por parte da Xunta, torna urxente, a opinión dos nacionalistas, un novo pronunciamento contrario ao proxecto eólico.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 02 Novembro 2012 23:51

---

Nos antecedentes que presenta a moción, os nacionalistas sinalan que " a día hoxe, lonxe de se conxurar semellante ameaza contra un dos principais elementos naturais e patrimoniais de Galiza localizado en parte no noso Concello, a maiores de facer caso omiso da opinión unánime e reiterada desta Corporación Municipal e de outras da Comarca, así como das alegacións de ducias de colectivos sociais ou de miles de persoas a título individual, o Goberno da Xunta de Galicia, prefire apoiar o negocio particular dunha empresa, Terra do vento S.L. (filial da multinacional Norteamericana Element Power España S.L.), que defender o ben común e o verdadeiro interese xeral."

Nese senso, a moción de Araúxo reclama reiterar a oposición da Corporación Municipal á instalación do Parque Eólico na Serra do Galiñeiro, proceder á formulación por parte do Concello de Gondomar de "cantas alegacións sexan posibles contra o obxecto motivo desta información pública". Ademais, propón poñer ao dispor dos afectados polas posibles expropiacións os recursos técnicos e xurídicos que a tal efecto poida dispoñer o Concello de Gondomar, así como trasladar o acordo á Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

### **Os nacionalistas pedirán ao Pleno que se pronuncie en contra das catas de terras raras na serra.**

Co respecto ao permiso para realizar catas de "terras raras" en 100. 000m<sup>2</sup> da serra, solicitada pola multinacional Umbono Capital á Xunta de Galicia, os nacionalistas pronunciáranse en contra. Polo cal solicitarán o Pleno "Manifestar enerxicamente a oposición da Corporación Municipal de Gondomar á realización das devanditas catas e a calquera proxecto futuro de minería do tipo que sexa". Nese senso promoverán a formulación por parte do Concello de Gondomar das alegacións "que sexan precisas co obxectivo de impedir a implantación do citado proxecto de minería na Serra do Galiñeiro".